



*AQUÍ VEN O MAIO
DE FRORES CUBERTO...
PUXÉRONSE Á PORTA
CANTÁNDOME OS NENOS;*

PROPOSTA DE ACTIVIDADES DO 4 AO 8 DE MAIO

NIVEL: 3 ANOS

Queridas familias estamos empezando o mes de maio e as celebracións deste mes que sempre facemos na escola, pois este ano de confinamento vamos a facelas a distancia. Vou a continuación a propoñer unha serie de actividades para celebrar o maio nas vosas casas e que podedes adecuar ás vosas circunstancias e situacións persoais. Vamos aló! Un saúdo grande e desexos de vernos pronto.

1º RETO DA SEMANA:

ADIVIÑAMOS E CREAMOS.




Vamos a empezar a semana cunha adiviña moi relacionada coa festa cos maíos. O adulto leeralla aos cativos/as e axudarlle a entendela e a repetila. Mirade, mirade... é a seguinte:

VAI CON COIDADIÑO
NON AS VAIAS A PISAR
SON DE MIL CORES
E NO CAMPO ESTÁN!
QUENES SON?

Unha vez adiviñada, podemos visualizar o seguinte vídeo pequeniño pero moi bonito de Herve Tullet:

<https://www.youtube.com/watch?v=Jk7FjfPVBic>

SÍ, SÍ, ERAN FLORES! NA PRIMAVEIRA OS CAMPOS ÉNCHENSE DE FLORES DE CORES E AGORA PODEMOS VER O PDF ADXUNTO CON INFORMACIÓN SOBRE ESTA ESTACIÓN TAN COLORIDA.



ESTA FICHA DE FLORES ESTÁ SACADA DUN LIBRO DE HERVE TULLET QUE SE TITULA “EL LIBRO CON MORDISCO”. EN PRIMEIRO LUGAR PICAMOS OU RECORTAMOS O CÍRCULO DA FLOR GRANDE E NESE “MORDISCO” COLOCAREMOS OU ENFOCAREMOS O QUE A NOSA IMAXINACIÓN E A NOSA CREATIVIDADE NOS LEVE (podemos enfocar unha paisaxe de primavera cerca da nosa casa e facer unha foto, podemos colocar gomets de cores, pompóns, botón, papeis de cores enriba dunha mesa, colocamos a nosa flor enriba e facémoslle unha foto, podemos poñer a nosa cara detrás...) Será un exercicio de imaxinación co que compartiremos máis que risas!



2º RETO DA SEMANA:

FLOR DE PAPEL MÁXICA.

Para realizar este pequeno experimento só temos que debuxar ou imprimir flores sobre un papel normal (non cartulina) e colorealas. A nosa flor ten que ter os pétalos ben separados entre sí, como unha margarida. Recortamos as flores, dobramos os pétalos e poñemolas nun recipiente con auga. “Maxicamente” veremos como florecen as nosas flores!



3º RETO DA SEMANA:

CONSTRUIMOS O MAIO CONFINADOS.

Cada ano, neste mes de maio, o noso colexio érchese de colorido e de olores maravillosos procedentes de fiunchos, flores, cáscaras de ovos, follas, naranxas, etc para elaborar o maio e cantar e danzar ao redor del. Mirade este maio que tedes aquí á dereita é o que elaboramos entre todos e todas o ano pasado! E se mirades nesta páxina podedes ver como bailamos e cantamos ao redor del no colexio o ano pasado:

<https://www.youtube.com/watch?v=C4i1uwWXos4>

O maio é unha representación artística da primavera, unha construción de tradición cónica feita por elementos vexetais en función da zona e que se xestaron para invocar o crecemento das plantas cultivadas e para protexelas de posibles ameazas naturais como ratos, toupas... Acompañábanse de coplas e os nenos e nenas eran protagonistas destas festas.

Mirade os seguintes maios e a ver se atopades cales non están feitos con cousas naturais (sacadas da natureza) e a que se parecen? Que forman teñen? Vistas así de fronte... a que figura xeométrica? A un círculo, cadrado, triángulo?





MAIOS



Realizamos o noso maio.

Podedes realizar un triángulo nun cartón, nun folio, cartulina e colorealo e despois colocarlle flores, follas, adornos de cores...Un exemplo:



Ou tamén podedes facelo cunha construción cónica ou piramidal como base e despois adornalo. Exemplo:



4º RETO DA SEMANA:

O REI OU RAÍÑA DO MAIO.

Os nenos e nenas son os protagonistas da festa do maio, e o rei do maio ou raíña desfila coas súas roupas cubertas con fiuncho, flores, follas, etc. E hoxe imos a realizar o noso colar ou diadema do rei ou raíña do maio.



Para realizalos collemos un cordel ou un limpiapipas e materiais como flores, macarróns, arandelas, palliñas recortadas en trozos pequenos, follas...e imos realizando o noso colar ou diadema seguindo un patrón. Veña e unha vez feitos a lucilos!



5º RETO DA SEMANA:












O NOSO ARCIMBOLDO CON FOLLAS E FROITAS.

Este cadro foi pintado por Arcimboldo e titúlase “ Primavera”. Arcimboldo inventou un estilo de retrato no que os rostros humanos eran flores, froitas, obxectos, follas...

Intentamos realizar o noso? Que lle podemos poñer para facer o pelo? Follas? Flores simulando unha diadema? Como nariz? Un tomate? E para a boca? Un plátano, zanahoria? Adiante peques, a realizar unha cara con alimentos, flores e follas!




FROITAS	ROUPA	FLORES	ANIMAIS




ACTIVIDADES PARA FACER ORALMENTE



¿Qué regamos con agua?



¿Qué sembramos en la tierra?






¿Qué hace la mariposa?





¿Qué hace el saltamontes?




?
X

¿Dónde está el sol?





?
X

¿Dónde sale el arco iris?




? ¿Dónde viven los gusanos?



? ¿Dónde crece la fruta?



?
X ¿Dónde nos ponemos la camiseta?



?
X ¿Dónde nos ponemos la gorra?

